

DANO CEREBRAL GALICIA

RESUMO XVI CONVENIO COLECTIVO

DE CENTROS E SERVIZOS DE
ATENCIÓN A PERSOAS CON
DISCAPACIDADE

2025-2027





Capítulo I – Ámbito Temporal

Entrada en vigor o 11 de abril de 2025 ata 31 de decembro de 2027, agás retribucións salariais con efecto dende o 01 de xaneiro de 2025.

Código de Convenio 99000985011981

Capítulo III – Retribucións

Art. 32 Táboas Salariais

As retribucións serán para os anos 2025, 2026 e 2027. A partir de 2028, a actualización axustarase ao IPC do ano anterior, cun mínimo do 1,5% e un máximo do 4%.

Art. 34 Complemento de desenvolvemento e capacitación profesional

Os niveis de desenvolvemento devengarase sempre que as persoas traballadoras leven a cabo accións formativas previstas pola empresa (75 horas en 3 anos, computándose como tempo efetivo de traballo).

- N1: devengarase pasados tres anos de permanencia na empresa; 9,2% do SB
- N2: devengarase aos tres anos de haber obtido o N1; 7,2% do SB
- N3: devengarase en xaneiro de 2028, a quen leve 3 anos ou máis en dita data, sempre e cando estean percibindo o N2 previamente; 2,75% do SB

Para calcular a antigüedad, teranse en conta todos os días que a empresa cotizara, segundo o seu certificado de vida laboral.



Art. 37 Complemento de Dirección e Coordinación

- Complemento Dirección: 250 euros
- Coordinación: 100€ no caso de que as tarefas de coordinación non abarquen a xornada completa da profesional; 175€ se ten adicación exclusiva á coordinación.

Art. 43 Horas extraordinarias

As horas extraordinarias compensaranse preferentemente por descanso, sempre e cando non altere o proceso normal de produción ou a atención aos servizos encomendados.

A compensación por descanso ou a retribución de horas extraordinarias será a que se pacte no seo da empresa. Non obstante, a falta de acordo, aboarase ao valor de 1,25 euros da hora ordinaria.

O número máximo de horas extraordinarias será de 80 horas anuais.

Art. 45 Desprazamentos e dietas

Custes de locomoción a cargo da organización, incluíndo comisións de servizos correspondentes ao medio de transporte a empregar.

- Uso de vehículo propio: 0,26€/km
- 1 xantar con pernoita en domicilio: 15 euros
- 2 xantares con pernoita en domicilio: 30 euros
- Pernoita fóra do domicilio: 60 euros

O anterior sempre e cando a empresa non facilite gratuitamente o xantar e/ou o aloxamento á persoa traballadora.



Capítulo IV – Xornada de Traballo

Art. 48 Cumprimento da xornada

Computará como tempo efetivo, aqueles descansos considerados pola empresa. O art. 34 do ET establece que, cando a xornada laboral diaria supere ás seis horas continuadas, a persoa traballadora ten dereito a un descanso mínimo de 15 minutos.

Art. 49 Calendario laboral

A organización establecerá o calendario laboral anual antes do 31 de xaneiro, contemplando: distribución da xornada, horarios, vacacións, distribución de laborais, festivos e descansos.

Art. 51 Vacacións

Toda persoa traballadora terá dereito a desfrutar, preferentemente no verán (01/06 a 30/09, ambos incluídos cada ano), de 25 días laborais de vacacións anuais retribuídas. Non computan sábados, domingos nin festivos.

Cando o período de vacacións coincida cunha situación IT, terá dereito a desfrutar das vacacións na data distinta á da incapacidade temporal ou, ao finalizar o período de suspensión, aínda que rematara o ano natural ao que corresponda.



Capítulo V – Permisos

Art. 52 Ausencias xustificadas

- Matrimonio ou parella de feito: 15 días naturais. Poderán comezar 3 días antes da celebración. Voda de fillos/as ou irmáns: 1 día.
- Accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso de parente ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 5 días (se o feito causante houbera completado o 70% da súa xornada, o permiso comezará ao día seguinte).
- Controis prenatais e técnicas de preparación ao parto: xustificando a necesidade de realizalo en horario laboral.
- Consultas médicas propias, de fillos/as menores de 14 anos, fillos/as con discapacidade, pais e familiares a cargo en situación de dependencia; seguimento académico de fillos/as menores de 16 anos, consultas de Atención Primaria que non dispoñan de profesional sanitario fóra do horario laboral do/a traballador/a: 20 horas ao ano.
- Falecemento:
 - Fillo/a, cónxuxe ou parella de feito: 7 días.
 - Pais ou irmáns: 3 días
 - Parentes de ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 2 días

(Para desprazamentos de máis de 150 km, amplíase o permiso 2 días naturais).

- Traslado de domicilio habitual: 1 día laboral

NOTA: As ausencias concédense como días laborais salvo que se indique o contrario. Se o feito causante ocorre en día non laborable, o permiso comezará a computar ao día seguinte. O desfrute será ininterrumpido, excepto no caso de hospitalización, que poderá ser discontinuo.



Art. 53 Ausencias non retribuídas

- Permiso único ao ano, cunha duración máxima de 90 días, sempre que sexa compatible coa organización do centro. Quedando prohibido o permiso para a prestación de servizos remunerados, similares aos desenvolvidos na empresa.
- Por conciliación laboral ou familiar, enfermidade ou finalización de estudos oficiais, poderanse solicitar ata 2 permisos máis.
- Visitas médicas que non supoñan baixa laboral e esgotadas as 20 horas anuais, terán consideración de permiso non retribuído ausencias para visitas médicas que non deriven en baixa laboral, sendo descontadas da retribución no mes seguinte.

Art. 55 Redución de xornada por coidado de menores ou familiares que non poidan valer por si mesmos, ou menores afectados/as por enfermidades graves

- Fillos/as prematuros/as que deban permanecer hospitalizados, ata 2 horas da xornada diaria.
- Menores de 12 anos ou persoas con discapacidade, entre un oitavo e a metade da xornada diaria. Así como familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, por razóns de idade, accidente ou enfermidade.
- Víctimas de violencia de xénero ou de terrorismo.

NOTA: A empresa favorecerá as medidas conducentes a favorecer a conciliación entre vida laboral e persoal.



Art. 58 Licenzas non retribuídas. Suspensión do contrato por permiso parental

- Adopción no extranxeiro, reprodución asistida, hospitalización prolongada de ata primeiro grao, ou acompañamento médico de familiares, primeiro grao, con enfermidade crónica ou discapacidade grave, ata dous meses dentro do ano natural.
- Coidado de fillos/as, ou menores en acollimento, ata os 8 anos de idade: 8 semanas.

Art. 59 Lactancia

Unha hora ao día, ou acumular en xornada completa (máximo 20 días naturais en xornada completa, parte proporcional para xornadas reducidas) ata que o/a lactante cumpra os 9 meses.

Cando ambos/as proxenitores/as, adoptantes, gardadores/as ou acolledores/as exerzan este dereito, poderá extenderse ata que o lactante cumpra doce meses, con redución do salario a partir do noveno mes do lactante. ***Máis información no artigo 37 do ET.***

Capítulo IX – Melloras Sociais

Art. 75 Incapacidade Temporal

Enfermidade profesional ou accidente de traballo, ata o 100% da retribución da mensualidade anterior, durante todo o período de baixa.

Enfermidade común ou accidente laboral:

- Primeira baixa do ano: 100% ata final da baixa
- Segunda baixa do ano: tres primeiros días, 60%. A partir do cuarto día e ata o final, 75%
- Terceira baixa do ano: aplicable lexislación común da LGSS



Art. 78 Axudas por nacemento ou adopción

150 euros por nacemento de filla/a, 300€ no caso de adopción ou filla/a con discapacidade.

TÁBOAS SALARIAIS 2025-2027

Xornada anual máxima de 1.720 horas e 38,5 horas semanais.

Grupo Profesional		Salario Base 2025	Salario Base 2026	Salario Base 2027
Grupo II. Persoal Titulado	Titulado Nivel 3	1.997,19	2.027,14	2.057,55
	Titulado Nivel 2	1.517,86	1540,63	1.563,74
Grupo III. Persoal Técnico	Técnico Superior nivel 1	1.398,03	1.419,00	1.440,29
	Técnico	1.129,84	1.146,78	1.163,99
	Técnico Auxiliar	1.061,36	1.077,28	1.093,44
Grupo IV	Operario	1.000,00	1.015,00	1.030,25



Rúa Galeras 17, 2º, oficina 5
15705 Santiago de Compostela
881 943 148 / 621148696



@danocerebralgalia

